

PROGRAMACIÓN DE
EDUCACIÓN FÍSICA PARA O
CURSO 2020-2021.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.2. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

- 2. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.**
- 3. RELACIÓN COS OBXECTIVOS DE ETAPA.**
- 4. RELACIÓN COS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.**
 - 4.1. 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - 4.2. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - 4.3. 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - 4.4. 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - 4.5. 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - 4.6. 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
- 5. RELACIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA COAS DE MAIS ÁREAS.**
- 6. RELACIÓN COS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**
- 7. RELACIÓN COS DE MAIS PROXECTOS DO CENTRO.**
- 8. TEMPORALIZACIÓN.**
 - 8.1. TEMPORALIZACIÓN DE PRIMEIRO E SEGUNDO DE E.P.**
 - 8.2. TEMPORALIZACIÓN DE TERCEIRO DE E.P.**
 - 8.3. TEMPORALIZACIÓN DE CUARTO DE E.P.**
 - 8.4. TEMPORALIZACIÓN DE QUINTO E SEXTO DE E.P.**
- 9. METODOLOXÍA.**
- 10. AVALIACIÓN.**

ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN NON PRESENCIA POR MOR DO COVID-19

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A Educación Física é unha área cunha gran importancia no desenvolvemento integral do alumnado, tanto no aspecto social (xa que é unha área cun compoñente de interacción entre o alumnado maior que en calquera outra área), cognitivo (xa que dende a Educación Física podemos traballar gran cantidade de contidos moi importantes para a vida do alumnado) e no aspecto físico-motor.

Ademais dende esta área contribuiremos ao desenvolvemento das competencias clave establecidas pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica parcialmente a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación (LOE), que se deben traballar ao longo da etapa, e ao logro dos obxectivos que establece o Decreto 105/2013, de 4 de setembro polo que se regula o currículo da Educación Primaria en Galicia.

Esta materia cobra especial importancia na actual situación que estamos a vivir coa pandemia que xurdiu co virus Covid-19, a cal causou que os índices de inactividade e sobre peso medrase entre o alumnado pola falta de actividade física e interacción co demais alumnado durante un longo tempo.

Dende a esta área xorde un principal obxectivo para este curso. Conseguir fomentar no noso alumnado o pracer pola actividade física nas súas múltiples variantes, descubrir a importancia que ten na nosa saúde e dotar ao noso alumnado de ferramentas saudables e coñecementos sobre educación física para o tempo de ocio, e ante unha posible volta á ensinanza non presencial.

Para o desenvolvemento das nosas actividades durante as sesións e das unidades didácticas teremos en conta todas as medidas establecidas no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID do noso centro, garantindo que se podan realizar coa maior seguridade posible, e intentando que interfira o menos posible na consecución dos criterios e estándares de todos os cursos, adaptando as actividades á nova situación. Un dos apartados da programación describirá o tipo de actividades e o xeito de valoralas ante unha posible situación de confinamento.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de Educación Primaria do CPI Manuel Suárez Marquier, situado no Concello do Rosal (Pontevedra). Neste centro impártese as etapas de Primaria e ESO. É un centro de liña 2 menos os grupos de 1º e 2º que son liña 1. Isto é debido a que parte do alumnado do concello acude a un colexio rural da zona ata terceiro curso.

En total imparto Educación Física en 10 cursos a 2 horas semanais por grupo como establece o Decreto 105/2014.

1.2.ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOYO EDUCATIVO.

A nosa programación pretende chegar a todo o alumnado do centro, adaptando todas as actividades e unidades ás súas características procurando a máxima participación de todos eles. Unha metodoloxía global e integradora permitiranos cumprir esta premisa.

Sabemos que cada alumna e alumno ten as súas propias características e dificultades, que intentaremos salvar, procurando que todo o alumnado poida desfrutar desta materia e sacar todos os beneficios posibles.

No centro temos dous alumnos con adaptación curricular.

Carlos de 3ºB, ten unha enfermidade rara denominada Síndrome de West, que se manifesta a través de crises convulsivas nos primeiros anos de vida que chegaron a danar ao alumno no aspecto motor. A perna brazo dereitos sofren unha atrofia muscular, máis no brazo que na perna. O neno foi sometido a unha intervención no curso anterior para mellorar a súa calidade de vida e as súas capacidades de movemento, a cal o tivo en cadeira de rodas durante un mes aproximadamente.

Este alumno conta cunha cuidadora que acude ás sesión de educación física para axudar a calquera dificultade que teña o alumno.

O alumno corre coxeando aínda que a bo ritmo, o brazo dereito a penas o utiliza pero desenvolve as clases participando activamente xa que o outro brazo manéxao sen dificultades. Ao longo do curso iremos estudando a súa avaliación ante a posibilidade de poder retirarlle a adaptación curricular.

Miguel, de 5ºB, tamén ten unha adaptación na nosa área. Este alumno presenta síntomas de TEA. Apenas participa nas actividades do grupo e ten dificultades para entender as actividades, aínda que si participa máis en actividades individuais nas que imita movementos dos demais. Tamén acude a educación física coa cuidadora, que é de gran axuda para incentivar que o alumno participe ou estea controlado nas actividades que non é capaz de realizar ou entender. O obxectivo con este alumno é conseguir que realice algo de actividade física e participe no maior número posible de actividades cos compañeiros.

No centro tamén temos varios alumnos que están inscritos no programa de Alerta Escolar.

Marcela de 3º B ten diabetes. Presenta bastantes variación do índice glicémico ao longo das sesións e dependendo do que merende. Ten un dispositivo que mide o azucre en sangue ao longo do día o cal consultamos tanto ao principio coma ao rematar a sesión, e un par de veces durante a mesma para ter información do seu estado e tomar as medidas oportunas. Sempre acude ás nosas sesión con caramelos ou galletas por se se presentase unha hipoglicemia.

O resto de alumnado do Alerta Escolar presenta alerxias a alimentos e non soen presentar dificultades nas nosas sesións. De todos xeitos todo este alumnado ten a súa medicación no centro ante posibles complicacións.

Estaremos atentos ao longo do curso de posibles dificultades que poidan xurdir, intervindo coa maior brevidade posible, acudindo aos titores ou departamento de orientación cando sexa preciso.

2.- RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE:

Dende a nosa materia contribuiremos ao logro das competencia clave que establece a LOMCE do seguinte xeito:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** durante as nosas sesións utilizaremos a linguaxe oral para comunicar as distintas actividades. En moitas actividades o alumnado deberá comunicarse entre eles utilizando tanto a linguaxe oral como xestual nalgúns casos. En diversas sesións, parte da información presentarase de xeito escrito fomentando a lectura e outras veces deberán consultar fontes escritas ou dixitais para buscar a información que se lles pide. Ademais aprenderemos terminoloxía propia dos deportes e actividades deportivas.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA:** algúns aspectos relacionados con esta competencia serán a importancia da alimentación e a actividade física na nosa saúde, cálculo de calorías, pirámide alimentaria, funcionamento dos distintos órganos e funcións (especialmente corazón, pulsacións, pulmóns e respiración), traballaremos a orientación e utilización de planos, seguimento de traxectorias, resultados,...

- **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR:** Ao aumentar o coñecemento do propio corpo e o coñecemento da contorna, así como as posibilidades de movemento de si mesmo/a (co incremento da condición física e os niveis de habilidade), estase contribuindo a esta competencia, xa que aumentamos a autoestima e a confianza do alumnado. Ademais, intentaremos recorrer a estilos de ensino que fomenten a busca, a cooperación e a resolución de problemas, o que tamén contribuirá a esta competencia.

- **COMPETENCIA DIXITAL:** como mencionamos anteriormente, en diversas ocasións o alumnado terá que buscar información a través de Internet e a aula virtual do centro. Os cursos superiores tamén deberán realizar diferentes actividades a través deste aula.

- **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER:** Favorécese especialmente coa utilización de metodoloxías pouco directivas, que potencien a disonancia cognitiva, así como con xogos e actividades lúdicas. Isto fará que os nenos/as teñan que buscar múltiples solucións entre os problemas propostos.

- **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS:** ao longo do curso traballaremos distintos xeitos de expresión cultural mediante xogos de expresión corporal e xestual, bailes, xogos de imitación,... prestaremos atención especial ao traballos de xogos e bailes tradicionais galegos e de outros países (sobre todo de nenos escolarizados no noso centro).

- **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS:** Desenvólvese en todas as unidades didácticas cos xogos e actividades grupais, resolvendo pacificamente os conflitos, respecto das regras e traballando diariamente a convivencia, o respecto mutuo e a non discriminación.

3.- RELACIÓN COS OBXECTIVOS DE ETAPA.

O Decreto 105/2014 establece 15 obxectivos que se deben acadar ao rematar a etapa de Primaria os cales está adaptados ao noso centro a través do proxecto educativo do centro. Dende a nosa área contribuiremos a súa consecución de todos eles:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os

dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, comezando polo entorno familiar e do CPI e estendendo esas prácticas á súa vida en tódolos ámbitos.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona, fundamental nun ámbito rural como O Rosal.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade. Entendendo o noso centro como un espazo onde temos cabida todos-as.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura, a través de tódalas actividades programadas a tal fin.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas. Comezando polo coñecemento e valoración do patrimonio cultural da vila de O Rosal.

i) Iniciar na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado, fomentando o respecto polo entorno máis inmediato.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. Obxectivo fundamental pola gran incidencia que ten este tema na nosa zona.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.- RELACIÓN COS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR CURSOS.

4.1.- 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

CONTIDOS PARA 1º CURSO:

A área de educación física divídese en 6 bloques de contidos que se recollen no Decreto 105/2014.

O primeiro bloque, **CONTIDOS COMÚNS**, ten unha natureza transversal e traballárase ó longo do curso en combinación co resto dos bloques xa que trata aspectos como, aceptación de regras, resolución de conflitos, esforzo ou iniciativa.

- B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.
- B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo.
- B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
- B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

- B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.

No segundo bloque, **O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN**, trátanse as capacidades perceptivas.

- B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.
- B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.
- B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).
- B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.

- B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración.

- B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables.

- B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).

- B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.

- B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

O terceiro bloque, **HABILIDADES MOTRICES**, céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas.

- B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.

- B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.

- B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.

- B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

- B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

- B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

O cuarto bloque, **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**, abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando

o propio corpo a través do movemento. Aquí englábanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

- B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.
- B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.
- B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.
- B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.
- B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

O quinto bloque, **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**, engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde, a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

- B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.
- B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.
- B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.
- B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.
- B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo.

O sexto bloque, **XOGOS E DEPORTES**, presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con

sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

- B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.

- B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.

- B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.

- B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos.

- B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.

- B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.

- B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.

- B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1º CURSO:

No decreto 105/2014, establécese que os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, en coñecementos ou competencias, e se concretan nos estándares de aprendizaxe avaliados. Os criterios establecidos para 2º curso son:

B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.

B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lles presentan.

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.

B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 1º CURSO:

Son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxes e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. Por cada criterio de avaliación establecido, concretaranse determinados estándares. Utilizaremos rúbricas para levar a cabo a avaliación vendo se se cumpren os indicadores de logro.

Ao longo do curso iranse avaliando os diferentes estándares de aprendizaxe nas distintas unidades didácticas propostas para o alumnado. Algúns dos estándares serán observados e avaliados ao longo de todo o curso escolar e en todas as unidades didácticas, aqueles relacionados coa resolución pacífica de conflitos, a hixiene persoal, alimentación e o xogo. Serán os seguintes.

EFB 1.1.1 Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

EFB 1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.

EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

EBF 1.3.4. Participa na recollida e organización do material utilizado.

EFB 5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.

4.2.- 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

CONTIDOS PARA 2º CURSO:

A área de educación física divídese en 6 bloques de contidos que se recollen no Decreto 105/2014.

O primeiro bloque, **CONTIDOS COMÚNS**, ten unha natureza transversal e traballárase ó longo do curso en combinación co resto dos bloques xa que trata aspectos como, aceptación de regras, resolución de conflitos, esforzo ou iniciativa.

- B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
- B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.
- B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.

No segundo bloque, **O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN**, trátanse as capacidades perceptivas.

- B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.
- B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.
- B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).
- B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.
- B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.
- B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.
- B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).
- B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.
- B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

O terceiro bloque, **HABILIDADES MOTRICES**, céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas.

- B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.
- B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.
- B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.

- B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

- B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

- B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

O cuarto bloque, **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**, abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englábanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

- B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).

- B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.

- B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

- B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.

- B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

O quinto bloque, **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**, engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde, a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

- B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.
- B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.
- B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.
- B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.
- B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.

O sexto bloque, **XOGOS E DEPORTES**, presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

- B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.
- B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.
- B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.
- B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.
- B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.
- B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.
- B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.
- B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º CURSO:

No decreto 105/2014, establécese que os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, en coñecementos ou competencias, e se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Os criterios establecidos para 2º curso son:

B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.

B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 2º CURSO:

Son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxes e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. Por cada criterio de avaliación establecido, concretaranse determinados estándares. Utilizaremos rúbricas para levar a cabo a avaliación vendo se se cumpren os indicadores de logro.

Ao longo do curso iranse avaliando os diferentes estándares de aprendizaxe nas distintas unidades didácticas propostas para o alumnado. Algúns dos estándares serán observados e avaliados ao longo de todo o curso escolar, aqueles relacionados coa resolución pacífica de conflitos, a hixiene persoal, alimentación e o xogo:

EFB 1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando a mellora da competencia motriz.

Efb1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

Efb1.3.4. Participa na recollida de material e organización utilizado nas clases.

EFB 5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo e hixiene con autonomía.

4.3.- 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

A área de educación física divídese en seis bloques de contidos e recóllense no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

O primeiro bloque, CONTIDOS COMÚNS, ten unha natureza transversal e traballárase ó longo do curso en combinación co resto dos bloques xa que trata aspectos como, aceptación de regras, resolución de conflitos, esforzo ou iniciativa.

- B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
- B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
- B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.

No segundo bloque, O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN, trátanse as capacidades perceptivas.

- B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
- B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.
- B2.3. Autonomía persoal: autestima, expectativas realistas de éxito.
- B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións)
- B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.

- B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.

- B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento).

- B2.8. Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e dereita dos e das demais.

O terceiro bloque, HABILIDADES MOTRICES, céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas.

- B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.

- B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.

- B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.

- B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.

- B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

O cuarto bloque, ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS, abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englobanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

- B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.

- B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.

- B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.

- B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

- B4.5. Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado.

- B4.6. Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.

- B4.7. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.

B4.8. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

O quinto bloque, **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**, engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde, a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

- B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.

- B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.

- B5.3. Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.

- B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

- B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.

- B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

O sexto bloque, XOGOS E DEPORTES, presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

- B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

- B6.2. Respetto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.

- B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.

- B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.

B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.

B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 5º CURSO:

Son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxes e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. Por cada criterio de avaliación establecido, concretaranse determinados estándares. Utilizaremos rúbricas para levar a cabo a avaliación vendo se se cumpren os indicadores de logro.

Ao longo do curso iranse avaliando os diferentes estándares de aprendizaxe nas distintas unidades didácticas propostas para o alumnado. Algúns dos estándares serán observados e avaliados ao longo de todo o curso escolar, aqueles relacionados coa resolución pacífica de conflitos, a hixiene persoal, alimentación e o xogo.

EFB 1.1.3. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen.

EFB 1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.

EFB 1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

EFB 1.3.4. Participa na recollida de material e organización utilizado nas clases.

EFB 1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e o resultado das competicións con deportividade.

5.- RELACIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA COAS DE MAIS ÁREAS:

A nosa área debe relacionarse e estar en contacto co resto de materias para propiciar ao alumnado unha aprendizaxe máis globalizada e integral. A nosa área relacionarase con todas as demais por exemplo:

- **ÁREA DE MATEMÁTICAS:** Algúns aspectos en común son os puntos e sistemas de referencia (situación dun obxecto no espazo, distancias, desprazamentos, xiros), representación elemental do espazo (planos, mapas e maquetas), agrupacións e operacións básicas, disposicións xeométricas, etc.

- **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA:** Componse de Música e Plástica. Respecto á Música, poderíase relacionar cos aspectos temporais (ritmo, duración,

secuencia, velocidade, ...), o corpo como instrumento de expresión e comunicación (recursos expresivos, xesto, movemento), danzas e bailes, etc. Respecto a Plástica, coa imaxe como elemento de comunicación, a construción de xoguetes con material de refugallo, a utilización de diversos materiais e recursos, etc.

- **ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA:** Trabállase a percepción do propio corpo (identificación e localización dos principios órganos), coas actividades encamiñadas á saúde e nas sesións que se realizan no medio natural.

- **ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS:** Percepción espacial (orientación, puntos cardinais, distancias), traballo con mapas para a orientación, identificación de situacións de colaboración en conflitos sociais e culturais, xogos tradicionais, etc.

- **ÁREAS DE LINGUA CASTELÁ, GALEGA E ESTRANXEIRA:** Vincúlase principalmente con sistemas e elementos de comunicación verbal e non verbal (imaxe, son, xesto, movemento), etc.

- **ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:** incídese nela na resolución pacífica de conflitos, por exemplo nas actividades competitivas que levaremos a cabo sen arbitro.

6.- RELACIÓN COS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Son diferentes contidos educativos que desenvolven valores importantes de cara á vida futura do alumnado e débense traballar en todas as áreas. Especificanse no artigo 11 do [Decreto 105/2014](#), a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Tamén se mencionan unha serie de valores de gran importancia que contribuiremos a desenvolver dende a nosa área. De xeito resumido, son os seguintes:

- *Prevención e resolución pacífica de conflitos.*
- *Desenvolvemento sostible e medio ambiente.*
- *Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.*
- *Prevención da violencia terrorista e de calquera tipo de violencia.*
- *Prevención do racismo e da xenofobia.*
- *Riscos de explotación e abuso sexual.*
- *Protección ante urxencias e catástrofes.*
- *Situacións de risco derivadas da utilización das TIC.*
- *Espírito emprendedor e iniciativa empresarial.*
- *Educación e seguridade viaria.*

7.- RELACIÓN COS DE MAIS PROXECTOS DO CENTRO:

Os documentos de centro, Proxecto Educativo (PE) e Programación Xeral de Aula (PXA) inclúen unha serie de plans e proxectos que debemos ter en conta. Entre eles, esta programación contribúe a desenvolver os seguintes:

Plan lector: a través das actividades de busca de información, das probas escritas que realicemos e dos traballos que se realizarán ao longo do curso, contribúese ao desenvolvemento do plan. Ademais o plan anual versa sobre a moda ao longo da historia, que traballaremos nas unidades de expresión corporal.

Plan de convivencia: este plan ten moita importancia da nosa área, polo que dende as nosas sesión traballaremos para o seu cumprimento mediante o traballo da resolución pacífica de conflitos, actividades de cooperación e co mantemento dunha correcta comunicación entre todos/as os integrantes.

Plan TIC: por motivo da situación que atravesamos, este plan cobra especial importancia e contribuiremos a el dende o principio do curso co envío de información e traballos a través da aula virtual do centro como complemento ao traballo realizado nas sesión.

Plan de actividades complementarias e extraescolares: durante este curso están suspendidas as actividades extraescolares no centro. Estamos a expensas das actividades que programe XOGADE e cales delas se poderían implementar no

noso centro. Sempre que sexa posible participaremos nestas actividades para aumentar a cantidade de actividade física do noso alumnado durante o horario lectivo.

Patios dinámicos: desde a Educación Física tamén participaremos neste proxecto que pretende un percorrido por distintos países do mundo, simulando a súa ubicación nos patios divididos do recreo. Cada aula investigará e traballará ao longo do curso sobre un país e, no momento do traballo dos xogos tradicionais e dos bailes, traballaremos os de cada país en cada curso, para afondar na cultura e tradición destes lugares.

8.- TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización das unidades didácticas será a mesma en 1º e 2º e en 5º e 6º.

8.1.-Temporalización en 1º e 2º de Educación Primaria:

As unidades didácticas serán as seguintes ao longo do curso, con posibles variacións en función das necesidades do alumnado, posibles clases non presenciais, posibles variación nos protocolos de atención ao alumnado ou posibles modificacións por participación en actividades dos distintos proxectos do centro:

1. **Benvida ao novo curso:** dedicaremos esta unidade á avaliación inicial do alumnado e a presentar as normas de hixiene e comportamento que levaremos a cabo ao longo do curso. Tamén iremos tratando as novas rutinas relacionadas coa pandemia con respecto a os espazos, distancias, uso de material, desinfeccións...

2. **Descubriendo o noso corpo:** centraremos esta unidade didáctica no esquema corporal, coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento.

3. **O noso corpo no espazo e no tempo:** nesta unidade traballaremos as capacidades perceptivo motrices, co desenvolvemento da orientación espacial, traxectorias, velocidades, puntarías, seguimento de ritmos e cadencias...

4. **Cara onde nos movemos?:** centramos esta unidade no coñecemento do lado dominante e non dominante, as diferencias que existen, e realizaremos habilidades básicas co lado dominante e non dominante.

5. **Os xogos sensibilizadores:** co motivo do día internacional das persoas con discapacidade, dedicaremos unha unidade didáctica a este tipo de xogos, onde vivenciaremos distintas discapacidades para que vexan as posibilidades e limitacións deste tipo de persoas.

6. **Somos equilibristas:** nesta unidade traballaremos o equilibrio estático, dinámico e con obxectos.

7. **Gústanos movernos:** nesta unidade traballaremos os distintos tipos de desprazamentos, tanto activos coma pasivos, sobre distintas superficies e adaptándose aos desprazamentos dos demais. Unha sesión dedicarémola á educación viaria.

8. **Saltamos e xiramos:** seguimos co traballo dos desprazamentos incluíndo os saltos e os xiros.

9. **Pásama:** nesta unidade traballaremos as habilidades de manexo de obxectos con lanzamentos, recepcións, conducións, e golpes con distintos materiais e con implementos coma os sticks.

10. **Descubrimos novo material:** seguimos co manexo de obxectos pero utilizando novos materiais creados por nós en cooperación coa área de Educación Artística coma fresbees, receptáculos, paladós,...

11. **O meu corpo fálache:** dedicaremos esta unidade didáctica á expresión corporal, utilizando o corpo como medio para comunicar ideas, sentimentos,...

12. **Danzamos e bailamos:** esta unidade traballaremos a iniciación aos bailes e danzas sinxelas, traballaremos bailes galegos e doutros lugares do mundo.

13. **Xogamos coma os noso avós:** nesta unidade traballaremos os xogos tradicionais galegos e de outros países.

14. **Xogos ao aire libre:** nesta unidade faremos unha pequena introdución á orientación con planos sinxelos, dependendo da situación na que nos atopemos, faremos algunha saída ao medio natural, e realizaremos xogos no exterior.

O traballo da saúde, hábitos de hixiene e alimentación e beneficios da actividade física, serán abordados durante todo o curso e en todas as unidades didácticas.

8.2.-TEMPORALIZACIÓN DE 3º CURSO:

As unidades didácticas serán as seguintes ao longo do curso, con posibles variacións en función das necesidades do alumnado, posibles clases non presenciais, posibles variación nos protocolos de atención ao alumnado ou posibles modificacións por participación en actividades dos distintos proxectos do centro:

1. **Benvida ao novo curso:** dedicaremos esta unidade á avaliación inicial do alumnado e a presentar as normas de hixiene e comportamento que levaremos a cabo ao longo do curso. Tamén iremos tratando as novas rutinas relacionadas coa pandemia con respecto a os espazos, distancias, uso de material, desinfeccións...

2. **Descubriendo o noso corpo:** centraremos esta unidade didáctica no esquema corporal, coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento.

3. **Queremos estar sans:** esta unidade estará relacionada coa anterior e centrarase en aspectos relacionados coa saúde, hábitos hixiánicos, alimentación...

4. **O noso corpo no espazo e no tempo:** nesta unidade traballaremos as capacidades perceptivo motrices, co desenvolvemento da orientación espacial, traxectorias, velocidades, puntarías, seguimento de ritmos e cadencias...

5. **Cara onde nos movemos?:** centramos esta unidade no coñecemento do lado dominante e non dominante, as diferencias que existen, e realizaremos habilidades básicas co lado dominante e non dominante.

6. **Os xogos sensibilizadores:** co motivo do día internacional das persoas con discapacidade, dedicaremos unha unidade didáctica a este tipo de xogos, onde vivenciaremos distintas discapacidades para que vexan as posibilidades e limitacións deste tipo de persoas.

7. **Gústanos movernos:** nesta unidade traballaremos os distintos tipos de desprazamentos, tanto activos coma pasivos, sobre distintas superficies e adaptándose aos desprazamentos dos demais. Unha sesión dedicarémola á educación viaria.

8. **Saltamos e xiramos:** seguimos co traballo dos desprazamentos incluíndo os saltos e os xiros.

9. **Pásama:** nesta unidade traballaremos as habilidades de manexo de obxectos con lanzamentos, recepcións, conducións, e golpes con distintos materiais e con implementos coma os sticks.

10. **Descubrimos novo material:** seguimos co manexo de obxectos pero utilizando novos materiais creados por nós en cooperación coa área de Educación Artística coma fresbees, receptáculos, paladós,...

11. **O meu corpo fálache:** dedicaremos esta unidade didáctica á expresión corporal, utilizando o corpo como medio para comunicar ideas, sentimentos,...

12. **Danzamos e bailamos:** esta unidade traballaremos a iniciación aos bailes e danzas sinxelas, traballaremos bailes galegos e doutros lugares do mundo.

13. **Xogamos coma os noso avós:** nesta unidade traballaremos os xogos tradicionais galegos e de outros países.

14. **Xogos ao aire libre:** nesta unidade faremos unha pequena introdución á orientación con planos sinxelos, dependendo da situación na que nos atopemos, faremos algunha saída ao medio natural, e realizaremos xogos no exterior.

8.3.-TEMORALIZACIÓN PARA 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

As unidades didácticas serán as seguintes ao longo do curso, con posibles variacións en función das necesidades do alumnado, posibles clases non presenciais, posibles variación nos protocolos de atención ao alumnado ou posibles modificacións por participación en actividades dos distintos proxectos do centro:

1. **BENVIDA AO NOVO CURSO:** nesta unidade faremos unha benvida ao alumnado, presentando as normas de educación física e as novas normas hixiénico-sanitarias que seguiremos ao longo do curso. Ademais realizaremos unha serie de xogos cooperativos respectando as normas establecidas no Protocolo Covid. E tamén realizaremos a avaliación inicial do alumnado.

2. **Queremos estar sans:** esta unidade vai dedicada a hábitos saudables, alimentación hixiene postural e corporal e unha sesión estará centrada no coñecemento das distintas apps destinadas ao exercicio físico, intentando trasladar o gusto pola actividade física de xeito autónomo ante posibles situación de confinamento, e para o uso no tempo de lecer.

3. **Xogamos ao atletismo:** utilizando as probas desta actividade do XOGADE, introduciremos o concepto de capacidades físicas, en que deportes

están presentes, e traballaremos, a través de xogos as distintas capacidades. Tamén coñecerán o xeito de traballalas de xeito autónomo ante posibles confinamentos.

4. **O meu corpo no espazo e no tempo:** nesta unidade traballaremos o esquema corporal, o espazo e o tempo como repaso do traballado en cursos anteriores sobre as capacidades perceptivo-motrices.

5. **Os xogos sensibilizadores:** co motivo do día internacional das persoas con discapacidade, dedicaremos unha unidade didáctica a este tipo de xogos, onde vivenciaremos distintas discapacidades para que vexan as posibilidades e limitacións deste tipo de persoas.

6. **Gústanos movernos:** nesta unidade traballaremos os distintos tipos de desprazamentos, tanto activos coma pasivos, sobre distintas superficies e adaptándose aos desprazamentos dos demais. Unha sesión dedicarémola á educación viaria.

7. **Xogamos ao PARKOUR:** utilizamos a motivación que nos ofrece esta modalidade deportiva para continuar co traballo dos desprazamentos e introducir os saltos e os xiros.

8. **Bigball:** utilizaremos o balón xigante para traballar distintos xogos alternativos nos que traballaremos a manipulación de obxectos., tamén introduciremos unha iniciación as tácticas deportivas Seguiremos todos os protocolos de hixiene e desinfección. De non ser posible levala a cabo, traballaremos esta unidade con outros materiais de xeito individual.

9. **Bottlebol:** con material creado por nós realizaremos distintos deportes alternativos coma o bottlebol, o paladós,... nos que traballaremos os golpes e iniciación a deportes de rede, tanto en equipo como individualmente. Estes materiais permítennos non ter que compartir outros.

10. **O meu corpo fálache:** dedicaremos esta unidade didáctica á expresión corporal, utilizando o corpo como medio para comunicar ideas, sentimentos,...

11. **Danzamos e bailamos:** esta unidade traballaremos a iniciación aos bailes e danzas sinxelas, traballaremos bailes galegos e doutros lugares do mundo. Tamén presentaremos modalidades coma a zumba ou o aeróbic, como alternativa para o alumnado á hora de realizar actividade física.

12. **Xogamos coma os noso avós:** nesta unidade traballaremos os xogos tradicionais galegos e de outros países.

13. **Iniciámonos na orientación:** nesta unidade faremos unha pequena introdución á orientación con planos sinxelos, dependendo da situación na que nos atopemos, faremos algunha saída ao medio natural, e realizaremos xogos no exterior.

8.4.- TEMPORALIZACIÓN PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

As unidades didácticas serán as seguintes ao longo do curso, con posibles variacións en función das necesidades do alumnado, posibles clases non presenciais, posibles variación nos protocolos de atención ao alumnado ou posibles modificacións por participación en actividades dos distintos proxectos do centro:

1. **BENVIDA AO NOVO CURSO:** nesta unidade faremos unha benvida ao alumnado, presentando as normas de educación física e as novas normas hixiénico-sanitarias que seguiremos ao longo do curso. Ademais realizaremos unha serie de xogos cooperativos respectando as normas establecidas no Protocolo Covid. E tamén realizaremos a avaliación inicial do alumnado.

2. **Queremos estar sans:** esta unidade vai dedicada a hábitos saudables, alimentación hixiene postural e corporal e unha sesión estará centrada no coñecemento das distintas apps destinadas ao exercicio físico, intentando trasladar o gusto pola actividade física de xeito autónomo ante posibles situación de confinamento, e para o uso no tempo de lecer.

3. **Xogamos ao atletismo:** utilizando as probas desta actividade do XOGADE, introduciremos o concepto de capacidades físicas, en que deportes están presentes, e traballaremos, a través de xogos as distintas capacidades. Tamén coñecerán o xeito de traballalas de xeito autónomo ante posibles confinamentos.

4. **Parkour:** nesta unidade didáctica continuamos traballando as capacidades físicas básicas e as habilidades de desprazamentos, saltos e xiros. Utilizaremos esta modalidade deportiva pola motivación que transmite ao alumnado ademais de adaptarse aos distintos niveis de execución do alumnado.

5. **Os xogos sensibilizadores:** co motivo do día internacional das persoas con discapacidade, dedicaremos unha unidade didáctica a este tipo de xogos, onde

vivenciaremos distintas discapacidades para que vexan as posibilidades e limitacións deste tipo de persoas.

6. **Traballamos o fútbol, o balonmán e o baloncesto:** nesta unidade didáctica traballamos estes deportes de xeito individual mediante distintos retos, desenvolvendo os principais xestos técnicos.

7. **Descubrimos novos deportes:** esta unidade didáctica irá dedicada a deportes alternativos de golpes e iniciación a deportes de rede utilizando unhas “palas” de man creadas polo alumnado (paladós, botlebol,...), minimizando dese xeito o contacto con material compartido. Tamén traballaremos con freesbes creados polo alumnado para o traballo táctico en equipo sen contacto.

8. **Iniciámonos no bádminton:** nesta unidade introduciremos o bádminton. Ao ser un deporte de cancha dividida e máis sinxelo manter as distancias e cada alumno/a disporá da súa raqueta procedendo á súa desinfección tras cada sesión.

9. **Bigball:** utilizaremos o balón xigante para traballar distintos xogos alternativos nos que traballaremos a manipulación de obxectos., tamén introduciremos unha iniciación as tácticas deportivas. Seguiremos todos os protocolos de hixiene e desinfección. De non ser posible levala a cabo, traballaremos esta unidade con outros materiais de xeito individual.

10. **Xogamos cos sticks:** nesta unidade traballaremos os pases e recepcións con implementos utilizando implementos do deporte do floorball.

11. **O meu corpo fáliche:** dedicaremos esta unidade didáctica á expresión corporal, utilizando o corpo como medio para comunicar ideas, sentimentos,...

12. **Danzamos e bailamos:** esta unidade traballaremos a iniciación aos bailes e danzas sinxelas, traballaremos bailes galegos e doutros lugares do mundo.

13. **Xogamos coma os noso avós:** nesta unidade traballaremos os xogos tradicionais galegos e de outros países.

14. **Iniciámonos nas carreiras de orientación:** nesta unidade faremos unha introdución á orientación utilizando planos do centro e introducindo as follas de control. Se é posible faremos algunha saída ao medio natural, onde daremos un paso máis neste modalidade deportiva que aporta tanta motivación no alumnado.

9.- METODOLOXÍA:

O Decreto 105/2014 define a metodoloxía como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos.

Este Decreto establece unhas orientacións metodolóxicas para a nosa área que tentaremos seguir nas nosas sesións e son as seguintes:

- * A Educación Física terá carácter eminentemente global e lúdico, tendo o xogo como medio ideal para a maioría das aprendizaxes.

- * A selección de contidos e metodoloxías activas asegurará o desenvolvemento das competencias clave ao longo da etapa.

- * As estruturas de aprendizaxe cooperativo potenciarán a inclusión do alumnado.

- * Debe potenciarse o uso de diversidade de materiais, especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, para adaptarse á diversidade do alumnado.

- * Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

- * Involucraremos ás familias para facer do noso alumnado suxeitos activos cara a súa saúde.

- * Traballaremos en colaboración co resto do profesorado e comunidade educativa.

Utilizaremos os estilos de ensino descritos por Muska Mosston: mando directo, asignación de tarefas, ensino recíproco, descubrimento guiado e resolución de problema. Neste curso, debido á pandemia, recorreremos en máis ocasión das desexadas a estilos directivistas xa que nos facilita un maior control do alumnado ante as normas de seguridade que debemos cumprir. Tamén utilizaremos o xogo; non é un estilo metodolóxico pero si un recurso metodolóxico moi apropiado para acadar os obxectivos propostos de maneira motivante e significativa.

Na maioría dos casos realizaremos actividades individuais, con pouco material e, cando o utilizemos, sempre será desinfectado tras o seu uso e posto en corentena antes de que volva ser utilizado.

Sempre que sexa posible, realizaremos as nosas sesións ao aire libre e, como establece o protocolo do centro, o alumnado utilizará a máscara en todo momento,

tanto no interior coma no exterior.

Estableceremos unhas normas moi claras dende o principio do curso, tanto de comportamento, hixiénicas e de desinfección, de xeito que se convertan nunhas rutinas que todos deberemos cumprir.

Co alumnado de cursos máis altos traballaremos contidos a través da aula virtual do centro co obxectivo de ir familiarizando ao alumnado con este método de trabalo ante posibles situacións de ensino non presencial.

Como principios metodolóxicos básicos seguiremos os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, e dos seus intereses.
- Orde progresiva e lóxica dos contidos.
- Intradisciplinabilidade: traballaremos directamente un ou dous bloques de contidos e indirectamente os demais.
- Interdisciplinabilidade: intentaremos relacionar os contidos da nosa área cos contidos do resto de áreas para darlle unha visión máis global e completa das aprendizaxes.
- A referencia será a aprendizaxe por competencias, relacionándoas en cada unidade didáctica cos contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- Reforzo positivo: é importante que o alumnado estea motivado en todo momento par afrontar con éxito a súa aprendizaxe.
- Participación: buscaremos que todo o alumnado participe activamente intentando que o tempo de compromiso motor sexa máximo.
- Aprendizaxe significativa: partiremos dos coñecementos previos do alumnado para intentar levalos máis aló, relacionando as novas aprendizaxes coa súa bagaxe motriz.
- Individualización: hai que respectar as características propias de cada alumno/a.

10.- AVALIACIÓN:

Seguirase a **Orde do 9 de xuño do 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de**

Galicia. Un dos aspectos destacables que determina é que será continua, global e terá en conta a progresión do alumnado en todas as áreas.

En canto ó **proceso de aprendizaxe**, avaliaremos o grao de consecución dos obxectivos de etapa e das competencias clave por parte do alumnado, tendo como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis concretados no Decreto 105/2014 para cada curso.

Seguindo a orde de avaliación, os resultados expresaranse con cualificación numérica: insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; suficiente: 5; ben:6; notable: 7 ou 8; sobresaliente: 9 ou 10.

Respecto aos **momentos da avaliación**:

- **Ao principio do curso faremos unha avaliación inicial** do alumnado utilizando a observación directa e realizaremos un test sinxelo denominado 3JS que nos permitirá ter unha primeira imaxe do alumnado a nivel coordinativo para ver o punto de partida para o resto da programación. Ao principio de cada unidade didáctica é conveniente ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan nosos alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. Así na primeira sesión realizaremos a avaliación inicial, valorando os coñecementos do alumnado sobre os contidos a tratar. Prestaremos especial interese a tomar rexistros nunha escala de valoración. Esta avaliación foi proposta por **Bloom**. Permiten apreciar os coñecementos previos. **Segundo Domingo Blázquez**, é a base de partida do traballo que se realizará e o punto de comparación das avaliacións posteriores.

- Ao longo das unidades, seremos conscientes das incidencias presentadas: Se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico apropiado, as actividades atractivas ou eficaces, así como o xeito en que os alumnos/as responden ao traballo. Todo isto forma parte da **avaliación continua**, que tamén se identifica coa avaliación formativa, (**Scriven**) porque se entende que os resultados serven para realizar os axustes e correccións necesarias.

- Ao final das unidades didácticas, é preciso que se comprobe o grao de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as; isto coñécese como avaliación sumativa ou final (**Scriven**). Igualmente rexistrárase por medio dunha escala de valoración na última sesión.

A maior parte da información que recolleremos para avaliar será **cualitativa** (subxectiva) baseándose na **observación**. Utilizaremos instrumentos como **de escalas de valoración e rúbricas onde valoraremos os estándares seleccionados** para cada unidade didáctica. Ademais tamén utilizaremos un **registro anecdótico** (ANEXO) que se cubrirá en cada sesión, e no cal se rexistrarán posibles incidencias ou comportamentos observados para utilizar tamén á hora de avaliar.

Os estándares seleccionados anteriormente, relacionados coa saúde, comportamento, respecto polos demais e coidado do material serán avaliados en todas as unidades de xeito transversal cun peso do 40% (20% hixiene persoal e traer o material de aseo, medidas de distanciamento e desinfección; e 20% esforzo e interese por mellorar nas sesións). O outro 60% do peso vai para os estándares relacionados coas aptitudes físicas ou calidades nas tarefas realizadas (en 3º, 4º, 5º e 6º un 10% dedicarase a contidos teóricos de cada unidade).

En 3º, 4º, 5º e 6º, ao rematar cada unidade didáctica, enviaremos unha serie de preguntas para avaliar os contidos máis teóricos que traballamos. Ademais para avaliar algún dos estándares de aprendizaxe o alumnado terá que elaborar algún traballo, tanto de á man coma a ordenador. Ocuparán un 10% da cualificación nestes cursos.

Para avaliar a nosa práctica docente e determinar en que medida se vai levando a cabo esta programación e detectar os posibles problemas que poidan xurdir, tamén avaliaremos a nosa práctica docente durante a unidade co obxectivo de ilo reorientando cando o requira; e ó rematar esta, para saber como se desenvolveu a mesma, que proporcione información sobre a práctica docente. Non so debemos atender ó grado de asimilación dos contidos por parte dos alumnos/as; as medidas de atención á diversidade levadas a cabo, o clima na clase, a relación cos demais membros da comunidade educativa...

Realizaremos a nosa autoavaliación ao rematar cada unidade didáctica cubrindo un cuestionario cualificando do 1 ao 5 os seguintes indicadores de logro:

- Grao de desenvolvemento das actividades programadas.
- Adecuación destas actividades a todo o alumnado.
- Grao de satisfacción do alumnado.
- Consecución dos obxectivos programados para a unidade.

- O alumnado comprende as explicacións.
- Medidas de atención á diversidade levadas a cabo.

Tamén nos axudaremos da opinión do noso alumnado cubrindo cuestionarios de “Avaliación do profe”.

ADAPTACIÓN A SITUACIÓN NON PRESENCIAL POR MOR DA COVID 19.

Se ao longo do curso nos vísemos obrigados a gardar corentena, tanto de parte do alumnado coma de todos os membros da comunidade educativa, utilizaremos a aula virtual do centro con 3º, 4º, 5º e 6º para estar en contacto co alumnado e realizar un seguimento da súa aprendizaxe. Co alumnado de 1º e 2º utilizaremos o medio que decida a titoría dese alumnado.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES: nese suposto intentaremos o maior desenvolvemento posible dos estándares de aprendizaxe de cada curso, prestando especial atención aos que son máis conceptuais e relacionados coa saúde, e eliminando os de carácter práctico, participativo e colaborativo. As actividades tipo que realizaríamos serían:

- Traballos de investigación sobre distintos deportes, deportistas, xogos tradicionais, hábitos saudables e non saudables, beneficios da actividade física, perigos dos hábitos pouco saudables....
- Creación de materiais para realizar actividade física con materiais de refugallo e relacionados con xogos tradicionais: fresbe, receptáculos, pelotas.....
- Retos semanais: envío de vídeos con retos físicos que deben realizar coa colaboración das familias en moitos casos.
- Rutinas de actividade física: vídeos con rutinas sinxelas, adaptadas ao alumnado para que realicen actividade física nas súas casa.
- Cuestionarios adaptados a cada curso sobre os contidos que se investiguen.
- Probas de avaliación sobre contidos teóricos traballados.
- Como realizar actividade física de xeito autónomo e a súa importancia...
-

AVALIACIÓN: neste suposto avaliaremos en gran parte a participación do alumnado nas actividades programadas, dentro das súas posibilidades de conexión e dispositivos móbiles (40%), valoraremos a calidade dos seus traballos de investigación (30%) e as probas que enviemos (30%).

ANEXO PROGRAMACIÓN E.F PRIMARIA: PROMOCIÓN E AVALIACIÓN

A publicación da Orde do 25 de xaneiro do 2022, actualiza a normativa sobre a avaliación, polo que se fai necesaria unha modificación nalgúns apartados da programación didáctica de E.F en primaria. Serán os que se sinalamos a continuación.

Por tanto, terase en conta como marco legal para a vixente programación a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato no sistema educativo de Galicia.

1º- O calendario de implantación da LOMLOE, recollido na disposición final quinta,

contempla no punto 2 que ao comezo do curso 2022/2023 entrarán en vigor as modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.

2º - O artigo 5 da orde **do 25 de xaneiro de 2022**, sinala que:

1. A avaliación do alumnado levarase a cabo tomando como referencia para o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe, do Decreto 105, que temos recollidos e concretados na presente programación.
2. Os referentes de avaliación do alumnado con AC serán os da adaptación, sen que isto impida promocionar.
3. Será continua global e terá en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. Cando o progreso non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Poranse en marcha en calquera momento do curso.
5. A avaliación das competencias clave estará integrada na avaliación da aprendizaxe dende unha fórmula integradora.
6. Na valoración do desenvolvemento das competencias terase en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, formando o perfil desa competencia.

3º A promoción, regulada no artigo 6, establece que:

1. Ao finalizar 2º, 4º e 6º, o equipo docente na sesión de avaliación final, decidirá a promoción. Será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de

promoción e tomando especial consideración a información e o criterio do titor. No resto dos cursos a promoción será automática, como é neste caso quinto de primaria.

2. O alumnado que promocióne con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes sen alcanzar.

3. O que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A

permanencia é unha medida de carácter excepcional, tomarase tras aplicar medidas

ordinarias suficientes. Neste caso o equipo docente organizará un Plan Específico de Reforzo (PER). Esta decisión solamente se poderá adoptar unha vez na etapa, oídas as familias.

4. O seguimento do PER farase segundo o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de atención á diversidade.

5. Ao finalizar os cursos de 2º e de 4º o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.

6. Para garantir a continuidade do proceso de formación ao finalizar a etapa, o alumnado dispoñerá dun informe elaborado pola súa titora sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias. No caso do alumnado con NEE reflectiranse as adaptacións e medidas adoptadas.